

***Condolore* (Urutau, 2022)**

Aquí tes.

É unha pantera cos músculos ao aire.

Afundirei a culpa no ollo do extrarradio,
cruel coma agochar o alcance dunha das principais causas de morte.

Esquecerei que existe a clorofila
porque quero que o vivo transpareza
e o verde sabe a víboras
a todo o que consome pouco a pouco a pel dos medio espertos.

aquí me tes cos músculos ao aire
a propoñerlle un reto á xente triste.

Os arcos da potencia creadora dun defunto abranguen

desde min

todas as graxas.

Mira este montón de area, madre,

onde me enterrarás un día.

Todo existía antes de min.

Todo isto.

Todo o que acontece nun baño pechado existía antes da miña Historia.